

LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, CONCELEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local en sesión ORDINARIA celebrada o tres de maio de dous mil trece, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

17/306 CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE ATENCIÓN AO PUBLICO NO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO E XACEMENTO ARQUEOLÓXICO "DOMUS DOS MOSAICOS" DEPENDENTES DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 16 de abril de 2013 que, na súa parte expositiva, fai constar:

"ANTECEDENTES

- I. Prego de prescricións técnicas para a contratación dun servizo de atención ó publico no Centro de Interpretación da Muralla, Museo Interactivo da Historia de Lugo e xacemento arqueolóxico 'Domus dos mosaicos' dependentes do concello de Lugo elaborado pola sección de cultura do Concello con data 1 de abril de 2013
- II.- Informe emitido polo departamento municipal de planificación e control de concesións con data 2 de abril de 2013 sobre o prezo máximo para a contratación de dun servizo de atención ó publico no Centro de Interpretación da Muralla, Museo Interactivo da Historia de Lugo e xacemento arqueolóxico 'Domus dos mosaicos' dependentes do concello de Lugo.
- III.- Informe de Intervención do día 15 de abril de 2013 no que se pon de manifesto, entre outros, a existencia de crédito na aplicación 43200.22799 do vixente Orzamento xeral para a cantidade de 98.704,13 euros. Respecto ás anualidades seguintes a autorización ou realización dos gastos subordinarase ó crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos presupostos.
- IV. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación do servizo de referencia do Concello de Lugo elaborado polo servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento con data 16 de abril de 2013

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRLR).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	1/31
 9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==				

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O presente contrato pode ser cualificado como un contrato de servizos que segundo o artigo 10 do TRLCSP serían aqueles 'cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou dunha subministración'. O presente contrato ten por obxecto a prestación dun servizo de atención ó público no Centro de Interpretación da Muralla, Museo Interactivo da Historia de Lugo e xacemento arqueolóxico 'Domus dos mosaicos' dependentes do concello de Lugo segundo as condicións técnicas establecidas pola sección municipal de cultura e turismo no seu prego de prescricións técnicas. Trátase dun servizo de información turística que estaría incluído dentro da categoría 20 do Anexo II do TRLCSP (servizos de transporte, complementarios e auxiliares).

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 138 e 157 e seguintes do TRLCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determínanse os criterios de adxudicación e aspectos económicos e técnicos, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP e que na súa totalidade son avaliábeis de forma automática xa que unicamente é a baixa do prezo de licitación

Terceiro. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do TRLCSP, á Xunta de Goberno Local correspóndelles as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo, en substitución da Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Alcalde Presidente en funcións do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción

Código Seguro de verificación:9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.						
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo			FECHA	03/05/2013	
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia					
ID. FIRMA	afirma.pro		9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==		PÁGINA	2/31
 9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==						

da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS) e a Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO E XACEMENTO ARQUEOLÓXICO “DOMUS DOS MOSAICOS” DEPENDENTES DO CONCELLO DE LUGO

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación sinalada no parágrafo anterior que, elaborados polo Servizo de Contratación e Fomento, a continuación e literalmente se transcriben:

A) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACION DUN SERVIZO DE ATENCIÓN PÚBLICO NO CENTRO DE INTERPRETACION DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO E XACEMENTO ARQUEOLÓXICO “DOMUS DOS MOSAICOS” DEPENDENTES DO CONCELLO DE LUGO

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto deste contrato a realización dun servizo de atención ó público no Centro de Interpretación da Muralla (C.I.M) , Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL) e xacemento arqueolóxico “Domus dos mosaicos” dependentes do Concello de Lugo, todo elo segundo o prego de condicións técnicas elaborado pola xefa de sección de cultura do Concello.

CPV 2008 63513000-8 servizo de información turística

CNAE 2009: 63.9 Outros servizos de información

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de servizos, recollido e regulado no artigo 10 do TRLCSP e que ten por obxecto a realización dun servizo de atención ó público no Centro de Interpretación da Muralla (C.I.M) , Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL) e xacemento arqueolóxico “Domus dos mosaicos” dependentes do Concello de Lugo, todo elo segundo o prego de condicións técnicas elaborado pola xefa de sección de cultura do Concello e que pode incluírse dentro do ANEXO II categoría 20 do TRLCSP.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	3/31
 9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==				

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13x200170306

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-5-2013

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos. Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

De conformidade coa Disposición Adicional Segunda do TRLCSP a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo é o órgano de contratación deste contrato sen perxuízo das delegacións que teña conferidas noutro órgano municipal.

TERCEIRA. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo para a execución deste contrato será de UN ANO dende a súa formalización do contrato e poderá ser obxecto de prórroga por un período máximo de un ano por mutuo acordo das partes adoptado con anterioridade ó remate do prazo inicial de vixencia, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de DOUS ANOS.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

4.1.- Para a determinación do custo total do servizo tense en conta o número de horas de prestación do servizo para cada grupo de tarefas (A.- Tarefas de organización, dirección e coordinación de actividades ; B.- Tarefas de recepción e atención telefónica; e C.- Tarefas asignadas para o bloque de horas extraordinarias) así como os prezos/hora para cada un destes grupos indicados.

Os prezos/hora de licitación para cada grupo son :

- Prezo/hora para tarefas de organización, dirección e coordinación (A) : 17,34 euros máis o IVE (21%) – 3,64 euros, resultando un total de 20,98 €/hora IVE incluído

- Prezo/hora para tarefas de recepción-atención telefónica (B) : 15,52 euros máis o IVE (21%) – 3,26 euros, resultando un total de 18,78 €/hora IVE incluído

Código Seguro de verificación:9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.						
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo			FECHA	03/05/2013	
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia					
ID. FIRMA	afirma.pro		9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==		PÁGINA	4/31
 9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==						

- Prezo/hora para bolsa de horas extraordinarias (C) : 13,17 euros máis o IVE (21%) – 2,77 euros, resultando un total de 15,94 €/hora IVE incluído
Sobre estes prezos unitarios (prezo/hora) deberán os licitadores presentar as súas ofertas.

O número de horas asignadas a cada bloque de tarefas son:

2472 horas anuais para tarefas de organización, dirección e coordinación

2973 horas anuais para tarefas de recepción-atención telefónica

1500 horas anuais para a bolsa de horas)

Polo que resulta un presuposto total máximo para a primeira anualidade de 131.605,50 euros IVE (21%) incluído.

O número de horas indicados son unha estimación máxima. Esta estimación realizase a efectos de consignación orzamentaria polo que a empresa en ningún caso teña dereito o adxudicatario ó aboamento da totalidade de horas previstas senón só ás efectivamente realizadas ó abeiro deste contrato.

4.2.- O valor estimado do contrato tendo en conta o importe de licitación excluído o IVE e as posibles prórrogas ascende a 217.529,75 euros

4.3.- Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación orzamentaria 43200.22799 por importe de 98.704,13 euros do orzamento xeral de 2013 para unha estimación de gasto de 9 meses.

De conformidade co artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o crédito correspondente á cobertura de obrigas que, de ser o caso, se devenguen no exercicio 2014 e sucesivas prórrogas queda condicionado á adopción do compromiso de habilitación de crédito para os ditos orzamentos polo órgano competente.

4.4. A tódolos efectos entenderase que no prezo ofertado atoparanse incluídos tódolos gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos de persoal, seguros, vestiario, gastos xerais, financeiros, beneficios, transporte e desprazamentos, taxas e toda clase de tributos, e en xeral, cantos gastos deba realizar a empresa para o cumprimento das obrigas concertadas.

4.5. Non procederá a revisión de prezos do contrato durante o primeiro ano tralo comezo da prestación dos traballos. Nas restantes anualidades e no caso de prórroga, os prezos de adxudicación poderán revisarse conforme á variación experimentada polo Índice de Prezos ó Consumo (IPC) durante a anualidade inmediatamente anterior. O índice de revisión aplicado ó contrato será invariable durante a vixencia do mesmo e determinará a revisión de prezos en cada data respecto á data final do prazo de presentación de ofertas polo procedemento de concurso. Neste punto estarase por tanto ó que indiquen os artigos 90 e seguintes do TRLCSP.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto** previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.						
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo			FECHA	03/05/2013	
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia					
ID. FIRMA	afirma.pro		9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==		PÁGINA	5/31
 9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==						

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e **acrediten estar clasificadas no Grupo L, subgrupo 6, categoría A)**

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as UNIÓNS DE EMPRESARIOS que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuira a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRLCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debida pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP

Código Seguro de verificación:9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==	PÁGINA 6/31
			
9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==			

SÉTIMA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS. ACLARACIONS E DÚBIDAS

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

OITAVA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición en **DOUS sobres pechados**, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditros sobres denominaranse coas letras **A - Documentación administrativa e letra B- Oferta económica**

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá no caso de coincidir este día co 22 de maio ou o 24 e 31 de decembro que se prorrogará ó primeiro día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O SOBRE DENOMINADO A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o Bastanteo do Poder para o que presentará

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	7/31



9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==

documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O bastanteo realizarase por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas.

A taxa por este bastanteo ascende a **10,20 euros**

Para proceder ó pagamento desta taxa deberá cubrir o **modelo 100 (Documento de ingreso-Taxa pola expedición de documentos administrativos) código 01** - e presentalo para o seu pagamento nalgunha das entidades bancarias colaboradoras (NOVAGALICIA BANCO, BBVA, LA CAIXA)

No apartado "Observacións" do modelo 100 identificará claramente o procedemtno de licitación e o obxecto do contrato.

Un exemplar deste documento ("exemplar para o Concello") deberá unirse ó bastanteo realizado polos funcionarios municipais e incorporarse como documento dentro do Sobre A (Documentación administrativa)

3.- Declaración responsable do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Código Seguro de verificación:9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	8/31
 9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==				

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

5.- Certificado de atoparse clasificada a empresa no **grupo L, subgrupo 6, categoría A)**. No caso de estar pendente de clasificación deberán achegar o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para esto, debendo xustificar estar en posición da clasificación esixida no prazo de subsanación de defectos.

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos cinco apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO III deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II)** no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Excepciónase deste requisito os casos de cotratos

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	9/31
 9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==				

suxeitos a regulación harmonizada en relacion coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición

O SOBRE B Oferta económica, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI número, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACION DUN SERVIZO DE ATENCIÓN PÚBLICO NO CENTRO DE INTERPRETACION DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO E XACEMENTO ARQUEOLÓXICO "DOMUS DOS MOSAICOS" DEPENDENTES DO CONCELLO DE LUGO**

b) Propón como **prezo/hora** do contrato:

- Para as tarefas de organización, dirección e coordinación de actividades:

..... euros/hora sen IVE

..... 21% IVE

..... euros/hora IVE incluído.

- Para as tarefas de recepción-atención telefónica e atención ó público:

..... euros/hora sen IVE

..... 21% IVE

..... euros/hora IVE incluído.

- Para a Bolsa de horas:

..... euros/hora sen IVE

..... 21% IVE

..... euros/hora IVE incluído.

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN:

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	10/31
 9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==				

1º.- En aras a simplificar e facilitar a avaliación das ofertas, pregase das empresas licitadoras que presenten unicamente a documentación necesaria para a valoración das ofertas, abstendose de achegar folletos publicitarios das empresas ou outra documentación que nada engada á valoración. Se é o caso solicitarase as aclaracións oportunas por parte do técnico competente.

2º.- A documentación deberá presentarse de modo que se facilite o seu arquivo en archivadores para folio prolongado (388x275x116 mm). En consecuencia os envoltorios, caixas, archivadores, embalaxas onde se presenten os documentos deberán ser retirados polas empresas licitadoras no prazo máximo de un mes dende a adxudicación definitiva, e no seu caso, serán destruídos polo Concello.

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓN.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

VOCALIS:

- A Concelleira delegada de Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- O titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa. O acto público de apertura dos sobres B (oferta económica) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACION

O criterios de valoración para a selección da empresa adxudicataria será exclusivamente a baixa sobre os prezos unitarios de licitación establecidos desglosados como segue:

1.- Prezo/hora ofertado á baixa ara tarefas de organización, dirección e coordinación (A) . Ata un máximo de 4 puntos.

A proposición que oferte o prezo/hora máis baixo obterá a máxima puntuación (4 puntos) e as proposición que presenten o prezo tipo de licitación IVE excluído

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	11/31
 9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==				



(17,34 euros) obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

2.- Prezo/hora ofertado á baixa para tarefas de recepción-atención telefónica (B). Ata un máximo de 4 puntos.

A proposición que oferte o prezo/hora máis baixo obterá a máxima puntuación (4 puntos) e as proposición que presenten o prezo tipo de licitación IVE excluído (15,52 euros) obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

3.- Prezo/hora ofertado á baixa para a bolsa de horas extraordinarias (C). Ata un máximo de 2 puntos.

A proposición que oferte o prezo/hora máis baixo obterá a máxima puntuación (2 puntos) e as proposición que presenten o prezo tipo de licitación IVE excluído (13,17 euros) obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

A valoración do prezo/hora para cada apartado ofertado realizarase excluindo o Imposto sobre Valor Engadido. Nos casos de presentación de ofertas por parte de entidades que estean exentas do IVE pola prestación deste servizo, o prezo máximo de licitación será o prezo/hora sen IVE establecido nestes pregos.

Considéranse ofertas anormais ou desproporcionadas aquelas ofertas (para cada apartado) que estean nos supostos establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos , sen prexuízo da súa valoración por parte da mesa de contratación.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de **déz días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumprimentarse axeitadamente estes requirimentos no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato

DÉCIMO TERCEIRA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Código Seguro de verificación:9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==	PÁGINA 12/31
			
9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==			

A formalización do contrato en documento administrativo non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos. O órgano competente requirirá ó adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo anterior sen interpoñerse o recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houbera esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato (un/unha técnico/a da área de cultura e turismo), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

O responsable municipal do contrato velará pola axeitada xestión contractual de modo que na súa execución non se produzan situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores atendendo, no seu caso, as instrucións que se aproben polo Concello de Lugo

En concreto velará porque:

- O contratista achegue a súa propia dirección e xestión ao contrato e sexa responsable da organización do servizo
- O contratista a través dos seus delegados se responsabilice de impartir ós traballadores adscritos a este contrato as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de modo que o Concello de Lugo sexa alleo a estas relacións laborais
- O contratista canalice a través dos seus delegados as posibles incidencias de cara a prestar adecuadamente o servizo.

O responsable municipal do contrato deberá correxir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supoñer infracción das anteditas regras propoñendo se é o caso o oportuno expediente sancionados ou de resolución do contrato.

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	13/31
 9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==				

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP

5.- O contratista achega a súa propia dirección e xestión ao contrato sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve a das prestacións e servizos realizados.

A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo sobre o seu persoal encargado da execución do contrato o poder de dirección inherente a todo empresario e disporá dunha estrutura xerarquizada que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios e directrices de realización de traballo.

A empresa contratista **designará un delegado** que se encargará da dirección e organización da actividade dos traballadores da empresa adscritos á execución deste contrato así como do control da vixianza do horario e xornada de traballo deles correspondéndolle á empresa a concesión de licenzas, vacacións, permisos e substitucións do persoal así como calquera outra manifestación das facultades do empregador sendo o Concello de Lugo de todo alleo a estas relacións laborais. En todo caso o servizo quedará sempre convenientemente cuberto.

Corresponde exclusivamente a este delegado relacionarse co responsable municipal do contrato a efectos de coordinación e seguemento do contrato. A través deste delegado canalizaranse as posibles incidencias que se detecten por parte do responsable municipal.

A empresa contratista velará porque os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse das funcións delimitadas nos pregos e porque non se produzan situacións tendentes a producir unha cesión ilegal de traballadores. Neste senso darán cumprimento estrito ás instrucións e ordes dadas polos responsables municipais para evitar esta situación dando lugar á comisión de infracción grave a súa desobediencia .

É responsabilidade da empresa facilitar aos seus traballadores tódolos medios materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase así mesmo obrigado, se fose necesario, ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou

Código Seguro de verificación:9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	14/31
 9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==				

organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS. SUBROGACION DE TRABALLADORES/AS

1.- O contratista estará obrigado a cumprir-las disposicións vixentes en materia de protección da industria. O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo e en xeral de cantas obrigas lle veñan impostas polo seu carácter de empregador.

2.- Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

- a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

- b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

- c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

3.- O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	15/31
 9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==				

a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoñía por resolución xudicial ou administrativa.

Os efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta clausula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando proceda, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social -que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

4.- De conformidade co I Convenio Colectivo de eventos, servizos e produccions culturais establécese a obriga por parte da empresa adxudicataria de subrogarse nos dereitos e deberes que tivera recoñecidos a entidade que presta actualmente este contrato. Para tal efecto **no ANEXO I inclúese a relación de profesionais actuais da empresa adxudicataria.**

O contratista deberá ter **permanentemente informado ó responsable do contrato de calquera variación dos contratos laborais** do persoal que estea adscrito a este contrato debendo contar con autorización expresa para a realización de novas contratacións laborais, calquera que fose o motivo, ou modificación das condicións laborais dos traballadores. Esta obriga terá carácter de **obriga contractual esencial** cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato.

O contratista en ningún caso poderá repercutir ó Concello de Lugo incremento de custo algún derivado da negociación colectiva, xa sexa incrementos retributivos ou ben outras ventaxas sociolaborais con repercusión económica máis aló dos incrementos da revisión de prezos establecidos nestes pregos.

Tampouco poderán repercutirse ó Concello os incrementos do cadro de persoal agás que estas sexan consecuencias da modificación do contrato derivada do exercizo de prerrogativas do Concello de Lugo.

Se no momento de extinguirse o contrato por calquera motivo, os custos de persoal que estea soportando o contratista por calquera concepto fosen superiores ós que resultarían no caso de aplicar estrictamente o sistema de revisión de prezos, ou os que procedería en caso de autorización expresa, o Concello de Lugo poderá esixir ó contratista unha indemnización equivalente á diferenza entre os custos de persoal que efectivamente vén soportando e que debería o Concello trasladar a un novo contratista no caso de producirse subrogación empresarial, e a cantidade que correspondería ós custos de persoal previstos na contratación inicial coas súas correspondentes revisións de prezos e as ampliacións de persoal ou variacións derivadas de modificacións contractuais acordadas polo órgano de contratación

O Concello de Lugo non intervirá baixo ningún concepto nas relacións laborais ou de calquera índole que poidan existir entre a empresa contratista e o seu persoal.

Código Seguro de verificación:9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	16/31


9mewqEdV2r iXz5/R+J35s0==

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, ó prego de condicións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCSP e calquera outra normativa aplicable.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra facturas mensuais unha vez comprobadas e aprobadas polo órgano competente. Nas facturas deberá facerse constar separadamente as dependencia onde se prestou o servizo con desglose das tarefas realizadas.

As facturas deberán ser comprobadas e conformadas polo/a responsable do contrato, a Concelleira de Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e maila Concelleiro/a delegado/a da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

As facturas serán presentadas no Rexistro Municipal do Concello de Lugo no prazo máximo de trinta días dende a prestación do servizo.

O órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é o órgano de xestión económico- financeiro do Concello de Lugo é a Tesourería Municipal.

VIXÉSIMA. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

O Concello poderá esixir responsabilidade á/o contratista pola infracción dos seus deberes, con independencia do procedemento respecto á extinción do contrato. As infraccións cometidas pola/o contratista clasifícanse en leves, graves e moi graves.

a) Faltas leves. Terán a consideración de faltas leves:

- As que impliquen irregularidades na observancia das obrigas e deberes contidos neste prego, sen transcendencia directa apreciable na prestación do servizo.
- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave do seu funcionamento.
- A desobediencia leve nas ordes que emanan do persoal municipal responsable da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e que se diten para a eficaz e normal prestación do servizo.

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	17/31
 9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==				

b) Faltas graves. Terán a consideración de faltas graves as seguintes:

- A desobediencia ás ordes que emanen das/os técnicas/os municipais responsable da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e que se diten para a eficaz e normal prestación do servizo, en particular a desobediencia das ordes tendentes a evitar unha situación de cesión ilegal de traballadores.
- As accións e omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.
- O trato irrespectuoso ás/os participantes nas actividades, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.
- Non acudir ás reunións de seguimento do contrato cando sexa convocado.
- Non proporcionar a información e documentación necesaria relacionada coa execución do contrato que lle poida ser requirida polo persoal municipal da Concellería.

c) Faltas moi graves:

- A utilización das instalacións, elementos ou material adscritos ao contrato para fins distintos dos previstos no contrato.
- Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar.
- Ceder, arrendar ou subcontratar o servizo sen a debida autorización municipal.

As sancións que xe poderán impoñer á/o contratista como resultado do expediente sancionador instruído para tal efecto serán as seguintes:

- a) No caso de faltas leves: multa ata 300 euros.
- b) No caso de faltas graves: multa de 301 a 900 euros.
- c) No caso de faltas moi graves: multa de 901 a 1.803 euros.

A imposición de sanción requirirá a tramitación do oportuno expediente sancionador. No dito procedemento darase audiencia á/o contratista, practicándose a información e proba necesarias para xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común no que resulte aplicable. A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecido no prego de prescricións técnicas.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuio incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo sétima destes pregos.

Asimesmo tamén dará lugar á resolución do contrato a comisión dalguna das faltas graves ou moi graves que se sinalan na cláusula vixésima deste prego.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==	PÁGINA 18/31
			
9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==			

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos a que se refire o artigo 40 do TRLCSP poderás interpoñer **recurso administrativo especial en materia de contratación** ante a Xunta de Goberno Local, sen que proceda a interposición de recurso potestativo de reposición, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado contencioso administrativo de Lugo.

A interposición deste recurso especial en materia de contratación suxeitarase ó disposto no artigo 44 do TRLCSP e presentarse no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado sen prexuízo do disposto no no parágrafo segundo do artigo 44.2.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º ☐ CONCERTO CON SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	

PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º ☐ **COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO**

* Xuntar a acta de Constitución.

3º ☐ **TRABALLADOR DESIGNADO**

Nome e Apellidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA:"

ANEXO I.- RELACIÓN DE TRABALLADORES

<u>TRABAJADOR</u>	<u>GRUPO</u>	<u>TIPO DE CONTRATO</u>	<u>ANTIGÜEDAD</u>	<u>JORNADA %</u>
1	GRUPO II	289	03/10/2007	78,95%
2	GRUPO II	289	21/08/2008	78,95%
3	GRUPO III	289	13/10/2009	52,63%
4 *	GRUPO III	289	01/07/2006	68,42%
5	GRUPO III	289	31/05/2010	78,95%
6	GRUPO III	289	27/08/2008	78,95%

* Trabajador 4: Plus ad personam ; 288,57 euros/mes

Código Seguro de verificación:9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==, Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	20/31
 9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==				



9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACION DUN SERVIZO DE ATENCIÓN PÚBLICO NO CENTRO DE INTERPRETACION DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO E XACEMENTO ARQUEOLÓXICO "DOMUS DOS MOSAICOS" DEPENDENTES DO CONCELLO DE LUGO** declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Registro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2013

Asdo:

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores)

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACION DUN SERVIZO DE ATENCIÓN PÚBLICO NO CENTRO DE INTERPRETACION DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO E XACEMENTO ARQUEOLÓXICO "DOMUS DOS MOSAICOS" DEPENDENTES DO CONCELLO DE LUGO** declaro baixo a miña responsabilidade:

Que o asistente desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	9meWqEdV2riXz5/R+J35sQ==	PÁGINA 21/31
 9meWqEdV2riXz5/R+J35sQ==			

co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescripcións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsedade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de 2013
(Lugar, data e sinatura do licitador)

B) "PREGO DE PRESCRICIÓNs TÉCNICAS PARA CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO E XACEMENTO ARQUEOLÓXICO "DOMUS DOS MOSAICOS" DEPENDENTES DO CONCELLO DE LUGO.

INTRODUCCIÓN.

O turismo vén de converterse nun verdadeiro fenómeno social que non só constitúe un elemento decisivo na mellora do coñecemento e a comunicación, senón tamén un factor de riqueza e progreso económico, e polo tanto unha actividade decisiva para a cidade e o municipio de Lugo.

O número de turistas na nosa cidade non deixou de medrar polo menos dende a declaración da muralla como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, ó mesmo tempo que o Concello aumentou o número de proxectos desenvolvidos neste sector, sendo o Plan de Excelencia Turística o máis importante. Con el, e co traballo e orzamento do Concello, aumentaron de maneira moi considerable os servizos e dotacións de carácter turístico que xestiona o Concello segundo as

Código Seguro de verificación:9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==	PÁGINA 22/31
			
9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==			

competencias que lle dá a Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, no seu artigo 25.2 m).

É obxectivo do Concello de Lugo seguir unha política de impulso da actividade turística, o que comporta, dentro dun mercado cada vez máis competitivo, aumentar a cantidade e sobre todo a calidade do servizo ó turista, ó mesmo tempo que a promoción e comercialización do noso destino e do noso patrimonio histórico-artístico nos mercados turísticos nacionais e internacionais. Secundariamente é necesario que o noso patrimonio e as nosas dotacións museísticas sexan coñecidos polos nosos cidadáns e contribúan á educación dos escolares.

CLÁUSULA PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

Será obxecto deste contrato a prestación do servizo de atención ó público no Centro de Interpretación da Muralla, no Museo Interactivo da Historia de Lugo e no xacemento arqueolóxico Domus dos Mosaicos.

1.- CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA. (CIM)-OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO. (Praza do Campo)

Nesta instalación desenvolveranse os seguintes traballos:

A.- ORGANIZACIÓN, DIRECCIÓN E COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES QUE INCLUIRÁ:

- Mantemento actualizado da base de datos de todos os recursos turísticos da cidade (aloxamentos e os seus prezos, restaurantes, aparcamentos, museos e os seus horarios, etc), tanto da información perenne como da caduca, aquela información variable que hai que actualizar continuamente co obxectivo de ofrecer unha información fiable, veraz e actual. Segundo o contido, a información será clasificada por ámbitos temáticos.
- Realización de base de datos co número e procedencia de todos os demandantes de información ó longo de cada xornada de traballo.
- Transmisión á Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua das queixas e suxestións do público demandante.
- Mantemento da lista de citas programadas dos visitantes ós museos do Concello e transmisión das necesidades ó coordinador.
- Supervisión da recepción dos produtos e do cumprimento dos provedores.
- Realización de listados diarios das incidencias no mantemento da oficina.
- Procurar unha información ampla, actualizada e científica sobre os restos arqueolóxicos e os obxectos depositados no Centro de Interpretación da Muralla.
- Responder ás solicitudes de reserva de visitas de grupos, de investigadores, prensa especializada ou operadores turísticos nun prazo máximo de 8 días.
- Control de existencias de material turístico, entradas, de oficina ou de calquera outro tipo de materiais necesarios para o funcionamento do museo.
- Control de existencia e venda de catálogos ou de publicacións municipais.
- Control semanal do estado da Casa dos Mosaicos nos periodos que permaneza pechado.

Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.						
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo			FECHA	03/05/2013	
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia					
ID. FIRMA	afirma.pro		9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==		PÁGINA	23/31
 9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==						

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13x200170306

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-5-2013

- Transmisión á Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua de:
 1. queixas e suxestións recibidas e atendidas do público demandante.
 2. enquisas de control de visitantes (individuais e grupos).
 3. enquisas de satisfacción dos servizos do museo
 4. felicitacións recibidas.
 5. peticións de información e prazos nos que foron atendidas.
 6. control de existencias e venda de publicacións.
 7. da venda de entradas para os espéctáculos programados polo Concello.

B.- RECEPCIÓN-ATENCIÓN TELEFÓNICA E ATENCIÓN Ó PÚBLICO QUE INCLUIRÁ OS SEGUINTE TRABALLOS:

- Atender as necesidades específicas de información: de grupos de investigadores, de prensa e de grupos escolares concertados.
- Informar con antelación ós Colexios da Cidade interesados no programa de actividades educativas que xere o museo para cada trimestre.
- Transmisión da información sobre todos os recursos turísticos, culturais e lúdicos da cidade, así como dos básicos da provincia.
- Realización de enquisas sobre procedencia, demandas, fontes de información, etc., ós turistas.
- Mantemento da lista de citas programadas dos visitantes ós museos do Concello e transmisión da información ós encargados deles.
- Venda de entradas para os eventos culturais ou de ocio do departamento de cultura, de libros editados polo Concello, e de calquera produto de merchandising turístico.
- Realización de listados diarios das incidencias no mantemento da oficina.
- Contestar as preguntas máis frecuentes dos visitantes sobre localización e horarios dos servizos turísticos.
- Realización de enquisas de control de visitantes sobre procedencia, demandas, fontes de información, etc., ós turistas, seguindo os modelos que lles serán entregados.
- Realización de enquisas de satisfacción dos servizos do museo (normalmente pásanse só a un 15% dos visitantes, e serven para medir a calidade dos servizos prestados).
- Vixilancia das necesidades de mantemento da instalación.

2.- MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO -MIHL-(Rúa Infanta Elena).

Nesta instalación desenvolveranse os seguintes traballos:

A.- ORGANIZACIÓN, DIRECCIÓN E COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES E QUE INCLUIRÁ:

- Elaboración duna proposta de programa de actividades de divulgación e dinamización cultural e turística (conferencias, talleres, cursos...) que se poden desenvolver no propio MIHL ou noutras dependencias municipais con diversos destinatarios: público en xeral, estudantes, operadores turísticos etc. con diversas finalidades, que van dende mellor coñecemento da cidade polos lucenses en xeral

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.						
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo			FECHA	03/05/2013	
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia					
ID. FIRMA	afirma.pro		9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==		PÁGINA	24/31
 9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==						

ata o perfeccionamento da información dos guías turísticos, persoal de axencias de viaxes, etc.

Esta proposta será trimestral e se presentará ó responsable municipal para a súa aceptación e se é o caso execución que será custeada polo Concello.

- Mantemento actualizado da base de datos de todos os recursos turísticos da cidade (aloxamentos e os seus prezos, restaurantes, aparcamentos, museos e os seus horarios, etc), tanto da información perenne como da caduca, aquela información variable que hai que actualizar continuamente con obxectivo de ofrecer unha información fiable, veraz e actual. Segundo o contido a información será clasificada por ámbitos temáticos.
- Realización de base de datos co número e procedencia de todos os demandantes de información ó longo de cada xornada de traballo.
- Mantemento da lista de citas programadas dos visitantes ós museos do Concello e transmisións das necesidades ó Coordinador.
- Supervisión da recepción dos produtos e do cumprimento dos provedores.
- Realización de listados diarios das incidencias no mantemento da oficina.
- Procurar unha información ampla, actualizada e científica sobre os restos arqueolóxicos e os obxectos depositados no Museo Interactivo da Historia de Lugo.
- Atención á demanda de información turística ou cultura realizada por calquera vía. Telefónica, e-mail, correo postal ou mostrador.
- Control de existencias de material turístico, publicacións ou merchadaings depositadas no Museo para a venda.
- Control da venda de entradas para actos organizados polo Concello.
- Atender as necesidades específicas de información de grupos de escolares, de investigadores, prensa especializada ou operadores turísticos.
- Transmisión á Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua de:

- das queixas e suxestións recibidas e atendidas do público demandante.
- das enquisas de control de visitantes (individuais e grupos)
- enquisas de satisfacción dos servizos do museo
- felicitacións recibidas.
- control de existencias e venda de publicacións.
- da venda de entradas para os espectáculos programados polo Concello.

B.- RECEPCIÓN-ATENCION TELEFONICA E ATENCIÓN Ó PÚBLICO.

- Ofrecer información ampla, actualizada e científica sobre os restos arqueolóxicos depositados e os obxectos existentes no Museo.
- Realización de enquisas de control de visitantes sobre procedencia, demandas, fontes de información, etc.
- Realización de enquisas de satisfacción dos servizos do museo.
- Realización de listados diarios das incidencias no mantemento da oficina
- Control das necesidades de matemento da instalación.

3.- MUSEO ARQUEOLOXICO - DOMUS DOS MOSAICOS.(Rúa Dr. Castro)

Nesta instalación desenvolveranse os seguintes traballos:

RECEPCIÓN-ATENCION TELEFÓNICA E ATENCIÓN O PÚBLICO.

Código Seguro de verificación:9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	25/31
 9meWqEdV2r iXz5/R+J35sQ==				

- Transmisión da información sobre todos os recursos turísticos, culturais e lúdicos da cidade, así como dos básicos da provincia.
- Ofrecer información ampla, actualizada e científica sobre os restos arqueolóxicos depositados e os obxectos existentes no Museo.
- Contestar as preguntas máis frecuentes dos visitantes.
- Realización de enquisas de control de visitantes sobre procedencia, demandas, fontes de información, etc.
- Realización de enquisas de satisfacción dos servizos do museo.
- Realización de listados diarios das incidencias no mantemento da oficina
- Control das necesidades de matemento da instalación.

CLÁUSULA SEGUNDA.- CALENDARIO E HORARIO

1.- CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA (C.I.M) - Oficina municipal de turismo. (Praza do Campo).

-Horario habitual: de martes a sábado
De 11,00 a 14,00 horas.
De 16,00 a 18,00 horas

Domingo de 11 a 14 horas.

Luns: Pechado

-Semana Santa : 11,00 a 13,30 horas
17,00 a 19,30 horas.

-Tempada de verán:

Primeira quincena de xuño, xullo, agosto e setembro

De 11,00 a 13,30 horas

De 17,00 a 19,30 horas.

- Festas de San Froilán (do 1 ó 12 de outubro)

De 11,00 a 13,30 horas

De 17,00 a 19,30 horas

TOTAL DE HORAS C.I.M. : 2958 HORAS DESGLOSADOS COMO SEGUE

A) Para tarefas de organización, dirección, desenvolvemento e coordinación das actividades : 1479 horas anuais

B) Para tarefas de recepción, atención telefónica e atención ó público: 1479 horas anuais

2.-MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO .- (Rúa Infanta Elena)

-Horario habitual: de martes a sábado
De 17,00 a 19,00 horas

Domingo de 11 a 14 horas.

Luns: Pechado

- Semana Santa : 11,00 a 13,30 horas
17,00 a 19,30 horas.

- Tempada de verán:

Primeira quincena de xuño, xullo, agosto e setembro e do 1 ó 12 de outubro (San Froilán):

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==	PÁGINA 26/31


9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==

De 11,00 a 13,00 horas

De 17,00 a 20,00 horas.

TOTAL DE HORAS MIHL : 1986 HORAS DESGLOSADOS COMO SEGUE

A) Para tarefas de organización, dirección e coordinación das actividades :
993 horas anuais

B) Para tarefas de recepción, atención telefónica e atención ó publico: 993
horas anuais

3.- MUSEO ARQUEOLÓXICO "DOMUS DOS MOSAICOS". (Rúa Dr. Castro).

(Apertura en Semana Santa, tempada de verán e festas de San Froilán).

Semana Santa: de 11 a 13,30 horas e de 17 a 19,30 horas

Tempada de verán e festas de San Froilán: segunda quincena de xuño, xullo,
agosto, setembro e primeira quincena de outubro: De 11 a 13,30 e de 16 a 19,30
horas.

Domingos: de 11,00 a 14,00 horas.

Luns: pechado.

**TOTAL HORAS: 501 horas para funcións de recepción, atención telefónica e
atención ó público.**

4.- BOLSA DE HORAS para atención de posibles postas en funcionamento doutros
xacementos arqueolóxicos, reforzos de persoal necesarios derivados da execución
da programación municipal ou reforzos na atención ó publico nas propias
instalacións municipais, especialmente o MIHL. **Estimase un número máximo de
horas anuais para esta bolsa de horas de 1.500 horas.**

As tarefas a desenvolver serían as correspondentes a un acomodador, conserxe ,
controlador de accesos , vixilante de sala ...

Estes horarios poderán ser modificados polo Concello de Lugo en función de
reorganizacións do servizo ou en función das necesidades que vaian xurdindo ó
longo do contrato sen que en ningún caso se supere o número total de horas
contratadas.

O pagamento farase en función das horas reais de prestación do servizo sen que
en ningún momento poda reclamarse a execución completa das horas estimadas.

CLÁUSULA TERCEIRA.- DESTINATARIOS/AS DAS ACTIVIDADES.

Con carácter xeral, as actividades a realizar na oficina de información turística e nos
museos están destinadas a toda a poboación, tanto turistas como cidadáns de
Lugo.

Non obstante, desenvolveranse actividades específicas para a poboación escolar
segundo unidades didácticas, e teranse en conta as condicións propias de grupos
turísticos concertados.

CLÁUSULA CUARTA.- EXTENSIÓN DO SERVIZO.

A empresa adxudicataria ten que colaborar cos técnicos do Concello vinculados á
xestión turística e do patrimonio cultural. Neste senso, o coordinador terá que
acudir ás reunións que lles solicite a Concellería de Cultura e Turismo e, de forma
xeral, a unha reunión cada quince días.

Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.				
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	27/31
 9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==				

A cualificación profesional dos traballadores para realizar as tarefas contidas neste contrato será responsabilidade da empresa adxudicataria, así como a formación específica que requiran. Neste senso todos os traballadores, ademais dos coñecementos precisos para realizar o seu traballo, teñen que manexar as linguas galega, española e inglesa oralmente e por escrito, e ter coñecementos de informática a nivel de usuario. Indicacións importantes a ter en conta son o don de xentes, a amabilidade e a imaxe. Con carácter preferente empregarán o idioma galego.

Asimesmo deberán ter coñecementos da historia da cidade para poder contestar as preguntas máis frecuentes dos visitantes

É obriga da empresa adxudicataria dotar o servizo dos traballadores necesarios para cubrir as tarefas especificadas neste contrato.

Será responsabilidade do Concello a subministración do material promocional e de traballo necesario así como a edición do material didáctico.

Será responsabilidade do Concello o mantemento das instalacións turísticas (subministracións básicas de luz e teléfono, cobertura de seguros de responsabilidade civil, etc.), e o arranxo dos problemas e avarías acaecidos nas instalacións ou no material existente, sempre e cando as avarías non se producen por unha mala utilización do material por parte dos informadores, ou por unha falta de información ó Concello, correndo, entón, os gastos por conta da empresa.

O Concello costeará todos os gastos do desenvolvemento de programas (conferencias, cursos, espectáculos....) dentro do MIHL

CLÁUSULA QUINTA.- RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos desaxeitados e conclusións incorrectas na execución do contrato.

CLÁUSULA SEXTA.-NOMEAMENTO DE COORDINADOR E PERSOAL DO CONTRATISTA.

1.- Para a execución do contrato, a empresa adxudicataria disporá en todo momento do persoal necesario e axeitado para a execución dos servizos ó seu cargo en virtude da presente adxudicación, nos termos contractuais e legalmente establecidos e coa máxima calidade esixible. Particularmente, garantirá:

a) A cobertura, en todo momento, dos postos de traballo e as súas correspondentes funcións, ofertadas para a contratación. En consecuencia, o adxudicatario efectuará ó seu cargo e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignado ó servizo, por calquera causa que se produzan, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada. Por outra banda, no caso de que o persoal ofertado se mostrase insuficiente para o cumprimento das prestacións obxecto do contrato, o adxudicatario deberá aumentalo en número suficiente para dar a atención debida ó servizo, sendo ó seu cargo o incremento de custos que se produzan por tal causa.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	28/31
 9mewqEdV2riXz5/R+J35sQ==				

b) A categoría, formación, experiencia e cualificación profesional dos informadores para a execución do contrato.

2.- Para a correcta coordinación do servizo, a entidade adxudicataria asignará, como mínimo, **un coordinador ou encargado**, que será o responsable do contrato e o seu desenvolvemento, así como de todo o persoal da empresa asignado ó contrato, correspondéndolle ademais as seguintes funcións:

a) Dirixir as funcións de coordinación entre a empresa e os traballadores para conseguir un mellor desenvolvemento do servizo.

b) Coordinarse cos técnicos municipais responsables da marcha do servizo para lograr un axeitado desenvolvemento das actividades.

Para tal efecto, deberá acudir ás reunións ás que sexa convocado relacionadas cos proxectos da área de turismo do Concello.

O coordinador estará permanentemente localizable, calquera día da semana, co fin de resolver cantas incidencias poidan producirse durante o desenvolvemento do servizo.

3.- O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto deste, sendo a Administración contratante de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación coa Administración contratante nin esixírselle a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a entidade adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

4.- O adxudicatario comprométese a retribuír axeitadamente o persoal destinado ó servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de xeito que en ningún caso poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe a facturar polo servizo.

5.- O adxudicatario queda obrigado, respecto ó persoal destinado ó servizo, ó cumprimento da normativa laboral e da seguridade Social que se atope vixente en cada momento.

6.- No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido ós traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen en modo ningún á Administración contratante.

7.- A empresa contratista subrogará a tódolos traballadores do ANEXO en tódolos seus dereitos e obrigas sen que en ningún caso o Concello teña responsabilidade algunha polas incidencias nas relacións laborais que se deriven da execución do contrato. O convenio colectivo a aplicar é o I Convenio Colectivo de eventos, servizos e producións culturais (DOG nº 143)

8.- As persoas que presten os servizos nos museos municipais, deberán ir debidamente uniformadas e o aspecto persoal deberán ser coidado en todo

Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo		FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia			
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==	PÁGINA	29/31


9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==

momento. O uniforme será por conta da empresa contratada, previa aceptación do mesmo pol o Concello.

CLÁUSULA SÉTIMA .- FORMA DE PAGAMENTO.

O pagamento do servizo efectuarase, despois de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e nelas deberá facerse constar o centro de información ó que corresponde.

As ditas facturas deberán ser conformadas polo técnico municipal responsable de turismo.

CLÁUSULA NOVENA.- FACULTADE DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN.

Correspóndelles ós técnicos municipais responsables de turismo a facultade de inspección e vixilancia do correcto cumprimento do contrato.

Estes técnicos poderán dirixirse verbalmente á empresa adxudicataria para axeitar o cumprimento do contrato ou para a realización de traballos que, a xuízo dos técnicos responsables, sexa necesario executar en momento determinado.

CLÁUSULA DÉCIMA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

O Concello poderá esixir responsabilidade ó contratista pola infracción dos seus deberes, con independencia do procedente respecto á extinción do contrato.

As infracción cometidas polo contratista clasifícanse en leves, graves e moi graves.

a) Faltas leves. Terán a consideración de faltas leves:

- As que impliquen irregularidades na observancia das obrigas e deberes contidos neste prego, sen transcendencia directa apreciable na prestación do servizo.
- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave do seu funcionamento.
- A desobediencia leve nas ordes que emanan dos técnicos municipais responsables de turismo e que se diten para a eficaz e normal prestación do servizo.

b) Faltas graves. Terán a consideración de faltas graves as seguintes:

- A desobediencia ás ordes que emanen dos técnicos municipais responsables de turismo e que se diten para a eficaz e normal prestación do servizo.
- As accións e omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.
- O trato irrespectuoso ós demandantes de información, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.
- Non acudir ás reunións de seguimento do contrato cando sexa convocado.
- Non gardar o debido segredo profesional respecto dos asuntos que se coñezan en razón dos servizo prestado e que prexudique ó usuario ou ás familias empregándoo en beneficio propio.
- Non proporcionar a información e documentación necesaria relacionada coa execución das tarefas descritas neste contrato que lle poida ser requirida polos técnicos municipais de turismo.

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.						
FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo			FECHA	03/05/2013	
	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia					
ID. FIRMA	afirma.pro		9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==		PÁGINA	30/31
 9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==						

c) Faltas moi graves.

- A utilización das instalacións, elementos ou material adscritos ó contrato para fins distintos dos previstos no contrato.
- Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal a empregar.
- Ceder, arrendar ou subcontratar o servizo sen a debida autorización municipal.

As sancións que se poderán impoñer ó contratista como resultado do expediente sancionador instruído para tal efecto serán as seguintes:

- a) No caso de faltas leves: multa ata 300 €.
- b) No caso de faltas graves: multa de 301 a 900 €.
- c) No caso de faltas moi graves: multa de 901 a 1803 €.

A imposición de sancións requirirá a tramitación do oportuno expediente sancionador. No dito procedemento darase audiencia ó contratista, practicándose a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos, e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no que resulte aplicable.

A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación."

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 98.704,13 euros con cargo á aplicación 73200.22799 do vixente Orzamento xeral e comprometerse a habilitar crédito presupostario nos contías necesarias para a execución do contrato para o exercicio 2014 e seguintes.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138 e 157 e seguintes do TRLCSP.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, don Luis Manuel Álvarez Martínez, coa súa sinatura e a do Ilmo. Sr. Don Lino José González-Dopeso García, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Secretario da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Luis Manuel Alvarez Martinez - TA Delegado Urbanismo	FECHA	03/05/2013
	Lino Jose Gonzalez-Dopeso Garcia		
ID. FIRMA	afirma.pro	9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==	PÁGINA 31/31
 9mewqEdV2r iXz5/R+J35sQ==			